O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

	IV7QQPX4DVG3LTEMTU7GFZJ7ME	Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMTU7GFZJ7ME	Página	56/87





(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...).

As partes comprométense a resolver de xeito amigoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe."

2º.- Aprobar o gasto, por importe de 143.980,32 €, dos que 71.990,16 € serán con cargo á aplicación orzamentaria 3410.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2025, e asumir o compromiso de incluír 71.990,16 € con cargo ao Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2026, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, a favor do Concello de Alfoz, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- Proposta relativa á segunda modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Láncara para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Mellora de camiños de acceso a lugares de montaña das parroquias de Santiago de Cedrón (Esfarrapa, Casablanca, O Furco e A Cortella) e Vilouzán (Bustelo) e adquisición de vehículo tipo Suv adscrito ós servizos municipais." no Concello de Láncara, ano 2024.

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Página	57/87



Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“En relación ao asunto de referencia (Expte.:2025/XEN_01/003833) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

Antecedentes de feito.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 28 de novembro de 2024, acordou aprobar a seguinte proposta:

“Primeiro.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Láncara para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Mellora de camiños de acceso a lugares de montaña das parroquias de Santiago de Cedrón (Esfarrapa, Casablanca, O Furco e A Cortella) e Vilouzán (Bustelo) e adquisición de vehículo tipo SUV adscrito ós servizos municipais” no Concello de Láncara, ano 2024 por importe total de 142.184,78 € cuxo contido é o seguinte: (...)

Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 110.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.”

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Láncara para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “mellora de camiños de acceso a lugares de montaña das parroquias de Santiago de Cedrón (Esfarrapa, Casablanca, O Furco e A Cortella) e Vilouzán (Bustelo) e adquisición de vehículo tipo SUV adscrito ós servizos municipais.” no Concello de Láncara, ano 2024 formalizouse o 20 de decembro de 2024.

Terceiro.- Dende concello de Láncara remitiuse, o 31 de marzo de 2025 (2025RT006488), escrito no que literalmente se establece o seguinte:

“É de interese deste concello incluír dentro das actuacións subvencionables os honorarios de redacción dos proxectos técnicos e dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde de cada unha das obras citadas (...)

A modificación que se solicita en ningún caso altera a achega máxima da Deputación provincial (...)

Polo exposto, Solicito,

A modificación do obxecto do contrato no sentido anteriormente exposto, incluíndo entre as actuacións subvencionadas os honorarios facultativos co seguinte detalle sendo a achega da Deputación 110.000,00 euros e do concello de Láncara 39.318,27 euros.

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Página	58/87





Intervencións	Custo total	Actuación	Honorarios facultativos
Mellora integral das estradas de montaña acceso A Esfarrapa	28.454,18	26.767,17	1.687,01
Mellora integral das estradas de montaña acceso a Bustelo	40.550,90	38.146,70	2.404,20
Mellora integral das estradas de montaña acceso Casablanca, O Furco e A Cortella	51.313,19	48.270,91	3.042,28
Subministración Vehículo tipo SUV	29.000,00	29.000,00	0,00
CUSTE TOTAL	149.318,27	142.184,78	7.133,49

(...)”

Polo que a Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 4 de abril de 2025, acordou aprobar a modificación do convenio para incorporar o solicitado dende o concello de Láncara.

Cuarto.- A addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Láncara para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Mellora de camiños de acceso a lugares de montaña das parroquias de Santiago de Cedrón (Esfarrapa, Casablanca, O Furco e A Cortella) e Vilouzán (Bustelo) e adquisición de vehículo tipo suv adscrito ós servizos municipais.” no concello de Láncara, ano 2024 formalizouse o 7 de abril de 2025.

Quinto.- Dende o Concello de Láncara remitiuse, o 24 de outubro de 2025, a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Láncara para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “mellora de camiños de acceso a lugares de montaña das parroquias de Santiago de Cedrón (Esfarrapa, Casablanca, O Furco e A Cortella) e Vilouzán (Bustelo), onde constan os acordos de adxudicación das obras polos seguintes importes:

OBRAS	IMPORTE ADXUDICACIÓN
Mellora integral das estradas de montaña acceso A Esfarrapa	24.772,46 €
Mellora integral das estradas de montaña acceso a Bustelo	35.355,43 €
Mellora integral das estradas de montaña acceso Casablanca, O Furco e A Cortella	44.783,04€

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME		Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME		Página	59/87	

Ditos acordos de adxudicación foron aprobados con anterioridade á data de solicitude da addenda, do que se desprende que os importes correctos que deberían constar na solicitude de addenda do concello serían os seguintes:

Intervencións	Custo total	Actuación	Honorarios facultativos
Mellora integral das estradas de montaña acceso A Esfarrapa	26.459,47 €	24.772,46 €	1.687,01 €
Mellora integral das estradas de montaña acceso a Bustelo	37.759,63 €	35.355,43 €	2.404,20
Mellora integral das estradas de montaña acceso Casablanca, O Furco e A Cortella	47.825,32 €	44.783,04€	3.042,28
Subministración Vehículo tipo SUV	29.000,00	29.000,00	0,00
CUSTE TOTAL	141.044,42	133.910,93	7.133,49

A solicitude reflicte os importes de licitación e non os de adxudicación das obras.

Consideracións xurídico- administrativas.

Primeira: No devandito convenio establécese literalmente o seguinte:

Na cláusula Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

“(…)

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2026 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2025, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.”

Na cláusula Oitava.- Modificación.

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.”

Segunda.- O órgano competente para aprobar a segunda modificación do convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

Conclusións.

En base ao anteriormente exposto e tendo en conta que:

Non se tiveron en conta os importes de adxudicación cando se solicitou a modificación do convenio para incorporar os honorarios facultativos.

O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo.

Media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común).

Que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros.

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Página	60/87





E que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial, dende a Sección de Fomento infórmase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a aprobación da segunda modificación do convenio, nos termos da segunda addenda incorporada ao expediente, para incorporar os importes correctos.”

Proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a segunda modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Láncara para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “mellora de camiños de acceso a lugares de montaña das parroquias de Santiago de Cedrón (Esfarrapa, Casablanca, o Furco e a Cortella) e Vilouzán (Bustelo) e adquisición de vehículo tipo SUV adscrito ós servizos municipais” no Concello de Láncara, ano 2024 cuxa segunda addenda quedaría redactada no seguinte senso:

Segunda addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Láncara para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Mellora de camiños de acceso a lugares de montaña das parroquias de Santiago de Cedrón (Esfarrapa, Casablanca, O Furco e A Cortella) e Vilouzán (Bustelo) e adquisición de vehículo tipo SUV adscrito ós servizos municipais.” no Concello de Láncara, ano 2024.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra don Pablo Rivera Capón, 1º Tenente de Alcalde (alcalde por substitución) do Concello de Láncara, con N.I.F P2702600D e sede social na rúa Rosalía de Castro, 17, CP 27360, Láncara, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Página	61/87



Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente segunda addenda e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 28 de novembro de 2024, acordou aprobar a seguinte proposta:

“Primeiro.- Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Láncara para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Mellora de camiños de acceso a lugares de montaña das parroquias de Santiago de Cedrón (Esfarrapa, Casablanca, O Furco e A Cortella) e Vilouzán (Bustelo) e adquisición de vehículo tipo SUV adscrito ós servizos municipais” no Concello de Láncara, ano 2024 por importe total de 142.184,78 € cuxo contido é o seguinte: (...)

Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 110.000,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.”

Segundo.- O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Láncara para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Mellora de camiños de acceso a lugares de montaña das parroquias de Santiago de Cedrón (Esfarrapa, Casablanca, O Furco e A Cortella) e Vilouzán (Bustelo) e adquisición de vehículo tipo suv adscrito ós servizos municipais.” no concello de Láncara, ano 2024 formalizouse o 20 de decembro de 2024.

Terceiro.- Dende Concello de Láncara remitiuse, o 31 de marzo de 2025 (2025RT006488), escrito no que literalmente se establece o seguinte:

“É de interese deste concello incluír dentro das actuacións subvencionables os honorarios de redacción dos proxectos técnicos e dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde de cada unha das obras citadas (...)

A modificación que se solicita en ningún caso altera a achega máxima da Deputación provincial (...)

Polo exposto, solicito,

A modificación do obxecto do contrato no sentido anteriormente exposto, incluíndo entre as actuacións subvencionadas os honorarios facultativos co seguinte detalle sendo a achega da Deputación 110.000,00 euros e do Concello de Láncara 39.318,27 euros.

Intervencións	Custo total	Actuación	Honorarios facultativos
---------------	-------------	-----------	-------------------------

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME		Página	



Mellora integral das estradas de montaña acceso A Esfarrapa	28.454,18	26.767,17	1.687,01
Mellora integral das estradas de montaña acceso a Bustelo	40.550,90	38.146,70	2.404,20
Mellora integral das estradas de montaña acceso Casablanca, O Furco e A Cortella	51.313,19	48.270,91	3.042,28
Subministración Vehículo tipo SUV	29.000,00	29.000,00	0,00
CUSTE TOTAL	149.318,27	142.184,78	7.133,49

(...)"

Polo que a Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 4 de abril de 2025, acordou aprobar a modificación do convenio para incorporar o solicitado dende o concello de Láncara.

Cuarto.- A addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Láncara para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Mellora de camiños de acceso a lugares de montaña das parroquias de Santiago de Cedrón (Esfarrapa, Casablanca, O Furco e A Cortella) e Vilouzán (Bustelo) e adquisición de vehículo tipo suv adscrito ós servizos municipais." no Concello de Láncara, ano 2024 formalizouse o 7 de abril de 2025.

Quinto.- Dende o concello de Láncara remitiuse, o 24 de outubro de 2025, a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Láncara para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "mellora de camiños de acceso a lugares de montaña das parroquias de Santiago de Cedrón (Esfarrapa, Casablanca, O Furco e A Cortella) e Vilouzán (Bustelo), onde constan os acordos de adxudicación das obras polos seguintes importes:

OBRAS	IMPORTE ADXUDICACIÓN
Mellora integral das estradas de montaña acceso A Esfarrapa	24.772,46 €
Mellora integral das estradas de montaña acceso a Bustelo	35.355,43 €
Mellora integral das estradas de montaña acceso Casablanca, O Furco e A Cortella	44.783,04€

Ditos acordos de adxudicación foron aprobados con anterioridade á data de solicitude da addenda, do que se desprende que os importes correctos que deberían constar na solicitude de addenda do concello serían os seguintes:

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Página	63/87



Intervencións	Custo total	Actuación	Honorarios facultativos
Mellora integral das estradas de montaña acceso A Esfarrapa	26.459,47 €	24.772,46 €	1.687,01 €
Mellora integral das estradas de montaña acceso a Bustelo	37.759,63 €	35.355,43 €	2.404,20
Mellora integral das estradas de montaña acceso Casablanca, O Furco e A Cortella	47.825,32 €	44.783,04€	3.042,28
Subministración Vehículo tipo SUV	29.000,00	29.000,00	0,00
CUSTE TOTAL	141.044,42	133.910,93	7.133,49

A solicitude do concello reflicte os importes de licitación e non os importes de adxudicación das obras.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente segunda addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- As partes acordan modificar a cláusula primeira -obxecto- e a cláusula quinta -Réxime económico- do convenio formalizado o 20 de decembro de 2024 e modificado o 7 de abril de 2025 que quedarán redactadas no seguinte senso:

Cláusula Primeira.- Obxecto.

“Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Láncara en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:

Actuacións	CUSTE (IVE engadido)
Mellora integral das estradas de montaña acceso A Esfarrapa e honorarios técnicos (honorarios de redacción de proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución da actuación obxecto do convenio, segundo proceda legalmente, e honorarios da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.	26.459,47 €
Mellora integral das estradas de montaña acceso a Bustelo e honorarios técnicos (honorarios de redacción de proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución da actuación obxecto do convenio, segundo proceda legalmente, e honorarios da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.	37.759,63 €
Mellora integral das estradas de montaña acceso Casablanca, O Furco e A Cortella e honorarios técnicos (honorarios de redacción de proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución da actuación obxecto do convenio, segundo proceda legalmente, e honorarios da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.	47.825,32 €
Subministración Vehículo tipo SUV	29.000,00 €
CUSTE TOTAL	141.044,42 €

No suposto de producirse alteracións respecto de cada un dos gastos previstos poderanse compensarse entre si os distintos importes sempre que todas as actuacións estean executadas e pagadas.

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Página	64/87





Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
110.000,00 €	31.044,42 €
TOTAL: 141.044,42 €	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.”

Na cláusula Quinta.- Réxime económico.

“A) Achegas:

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 110.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.- Achega do Concello:

O Concello de Láncara aportará 31.044,42 € e financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será de titularidade do Concello de Láncara

Xustificación da achega económica.

O prazo previsto para que dende o Concello de Láncara se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 15 de novembro de 2025.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.

b) O custo total da actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Página	65/87



c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución das actuacións obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio).

Resolución ou acordo de adxudicación.

Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificárase coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condicións xerais e particulares que, en relación con eles, fosen previamente establecidas.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:

1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

4. Destino do ben (5 anos en obras e 2 anos en subministros e servizos)

(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.”

Segunda. As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta segunda addenda de modificación, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito con data 20 de decembro de 2024 e modificado o 7 de abril de 2025, esta segunda addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME		Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME		Página	66/87	



E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente segunda addenda de modificación do que como Secretario dou fe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3ª.- Proposta de corrección do erro de transcripción detectado na proposta que serviu de base para a aprobación, por acordo da Xunta de Goberno de data 31 de outubro de 2025, da Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Fonsagrada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Centro cultural Forges: museografía; equipamento e actuacións complementarias ano 2024.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“En relación ao asunto de referencia (EXP. 2025/PES_03/020044), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase o seguinte informe,

Antecedentes de feito.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 31 de outubro de 2025, acordou aprobar a seguinte proposta:

“Aprobar a modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Fonsagrada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Centro Cultural Forges: museografía; equipamento e actuacións complementarias ano 2024, formalizado o 27 de decembro de 2024.”

Segundo.- Dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento advertiuse un erro de transcripción na proposta que serviu de base para a aprobación, por parte da Xunta de Goberno, da modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Fonsagrada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Centro Cultural Forges: museografía; equipamento e actuacións complementarias ano 2024,

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Página	67/87



formalizado o 27 de decembro de 2024, concretamente o erro atópase na consideración xurídica primeira.

Consideracións xurídico administrativas.

Primeira.- De acordo co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas: “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

Segunda.- Resultando que para proceder a aplicar o mecanismo de rectificación de erros materiais ou de feito, requírese que concorran en esencia unha serie de circunstancias a saber: que se trate de simples equivocacións elementais de nomes, datas, operacións aritméticas, transcripcións de documentos, que o erro se aprecie tendo en conta exclusivamente os datos do expediente administrativo, que o erro sexa patente e claro, sen necesidade de acudir a interpretacións de normas xurídicas e que igualmente non se produza unha alteración fundamental no sentido do acto (STS 18 de xuño de 2001).

Terceira.- Tendo en conta que a competencia para decidir acerca da nulidade ou anulación se atribúe unicamente ao órgano superior da Entidade, a competencia para rectificar un erro material corresponde ao mesmo órgano que ditou o acto (neste caso a Xunta de Goberno), argumentación neste senso da STS do 30 de setembro de 1986.

Conclusións.

En base ao anteriormente exposto propónse que pola Xunta de Goberno se acorde aprobar a corrección do erro de transcripción detectado na proposta que serviu de base para a aprobación, por acordo da xunta de goberno de data 31 de outubro de 2025, da modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de A Fonsagrada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Centro cultural Forges: museografía; equipamento e actuacións complementarias ano 2024 e que afecta á consideración xurídico administrativa primeira, no seguinte senso:

Onde consta:

“(…)

4.2. O Concello de Burela:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de A Fonsagrada, comprométese ao seguinte:

“(…)”

Debe constar:

“(…)

4.2. O Concello de A Fonsagrada:

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Página	68/87





En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de A Fonsagrada, comprométese ao seguinte:
(...) ”

Proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a corrección do erro de transcripción detectado na proposta que serviu de base para a aprobación, por acordo da Xunta de Goberno de data 31 de outubro de 2025, da modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Fonsagrada para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Centro cultural Forges: museografía; equipamento e actuacións complementarias ano 2024 e que afecta á consideración xurídico administrativa primeira:

Onde consta:

“(...

4.2. O Concello de Burela:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de A Fonsagrada, comprométese ao seguinte:
(...) ”

Debe constar:

“(...

4.2. O Concello de A Fonsagrada:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de A Fonsagrada, comprométese ao seguinte:
(...)”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE SOLICITUDE, SE PROCEDE, DE EXTENSIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DOS PROXECTOS INCLUÍDOS NAS AXUDAS CONCEDIDAS POLO MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL DESTINADAS Á TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS DAS ENTIDADES LOCAIS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR)- PROGRAMA IMPULSATIC (PLAN DE DIXITALIZACIÓN DA PROVINCIA DE LUGO).

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME		Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME		Página	69/87	

Logo de ver a proposta da señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Á vista do informe conxunto do Servizo de Comunicación e TICS e d Sección de Innovación e Participación Cidadá que a teor literal di:

Antecedentes.

Primeiro.- A Deputación de Lugo resultou beneficiaria das axudas reguladas na Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e se efectúa a convocatoria correspondente a 2022. As subvencións contempladas na devandita Orde destínanse a financiar proxectos de modernización e dixitalización no ámbito das administracións das entidades locais. Os destinatarios das actuacións a realizar son os concellos da provincia de Lugo con poboación inferior a 20.000 habitantes.

Segundo.- Para a execución das axudas creouse o programa ImpulsaTIC, Plan de Dixitalización da Provincia de Lugo, para agrupar as propostas presentadas no marco da Orde TER/836/2022.

Á vista das actividades nas que cada concello quere participar, e en base á información das enquisas remitidas por cada concello que permiten determinar a situación actual e as súas necesidades, elaborouse a distribución final baseada nesta información e de forma equitativa por cada unha das actividades. En Xunta de Goberno de 24.11.2023 prestouse aprobación a este reparto e ao alcance dos proxectos e actuacións enmarcados dentro do proxecto ImpulsaTIC para cada un dos 52 concellos adheridos.

Terceiro.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria do 01 de marzo de 2024 aproba solicitar ante o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática unha extensión do período de execución da subvención concedida ata o máximo permitido conforme ao artigo 11 da Orde TER/836/2022. Resolvendo a data de 15 de marzo de 2024 a Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local a ampliación do prazo ata o 30 de setembro de 2024.

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria de día 12 de xullo de 2024, acorda solicitar, en base ao artigo 11.1 da Orde TER/836/2022, unha segunda ampliación do prazo de execución dos proxectos ata o máximo posible. Resolvendo o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática, con data 23 de xullo de 2024, a extensión de dito prazo de execución ata o 31 de marzo de 2025.

Cuarta.- No mes de decembro de 2023 iníciáanse con carácter de urxencia as licitacións asociadas á execución dos proxectos, sendo adxudicadas en tempo e forma. Existe un remanente de 599.877,18 € con respecto á axuda inicial concedida.

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Página	70/87





Con base nese remanente, a Xunta de Goberno, en sesión ordinaria do 25 de outubro do 2024 acorda solicitar ante o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática unha ampliación do alcance do proxecto “Ayuntamientos de la provincia de Lugo resilientes. Creación de oficinas municipales de prestación de servicios electrónicos a los ciudadanos e implantación de un sistema de automatización y digitalización de las sesiones plenarias municipales” do programa Impulsatic (Plan de dixitalización da provincia de Lugo) con número de expediente 499-632865 para incorporar as seguintes subactuacións:

Subactuación 1. Dotación de servidores municipales. Que consiste en renovar os servidores locais municipais que actualmente están obsoletos (tanto en recursos *hardware* como en *software*), para substituílos por servidores de nova xeración, con altas capacidades, máis seguros e eficientes. O importe estimado para esta actuación sería de 260.000€.

Subactuación 2. Implantación dun punto de fichaxe e un sistema de control horario. Para que os concellos poidan automatizar e modernizar o rexistro da xornada laboral conforme o artigo 34 do Real Decreto 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto de Traballadores, dotarase a cada concello dun terminal de físico de fichaxe xunto con tarxetas para os traballadores municipais, ademais implantarase un aplicación que permita realizar a xestión das fichaxes e os permisos, dende o ordenador vía web ou dende o móbil vía APP. O importe estimado para esta actuación sería de 260.000€.

Con data 17 de decembro de 2024 o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática resolve favorablemente a solicitude.

Quinta.- A ampliación de alcance resolta en decembro de 2024 derivou nunha consulta de participación aos concellos afectados cara a preparación das licitacións oportunas, recibindo a última solicitude de participación nos novos programas o 22 de xaneiro de 2025.

Sexta.- En base ao artigo 11 da Orde TER/836/2022 solicitase unha ampliación do prazo de execución para, en aras dunha maior seguridade xurídica, poder preparar as licitacións oportunas para realizar as novas subactuacións que foron aprobadas en base ás demandas particulares establecidas por cada concello. Con data 21 de febreiro de 2025 o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática resolve favorablemente a solicitude concedendo unha ampliación no prazo de execución ata o 30 Xuño de 2025.

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Página	71/87



Sétima.- Vista que a ampliación anterior non era suficiente para poder licitar e executar a ampliación de alcance solicitada, a Xunta de Goberno en sesión ordinaria de 14 de marzo de 2025 de acorda solicitar unha ampliación do prazo de execución ata decembro de 2025 en base ao artigo 11 da Orde TER/836/2022. Con data 02 de xuño de 2025 o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática resolve favorablemente a solicitude estendendo o prazo de execución ata o 30 de setembro de 2025 para o proxecto denominado “Ayuntamientos de la provincia de Lugo resilientes y creación de oficinas municipales de prestación de servicios electrónicos a los ciudadanos y Automatización y digitalización de las sesiones plenarios municipales de los ayuntamientos de Lugo” (499-632865), indicando en dita resolución que os instrumentos xurídicos empregados para a execución total ou parcial dos proxectos obxecto da subvención deberán estar adxudicados antes do 30 de xuño de 2025.

Oitava.- Non se iniciou a tramitación dos expedientes de contratación para abordar as dúas novas actuacións ata ter confirmación dos concellos adheridos da súa intención para participar (algo imprescindible para fixar o alcance) e, en aras dunha maior seguridade xurídica, ata coñecer a resolución do Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática en canto á última solicitude de ampliación de prazos solicitada, sobre a resolución de data 02 de xuño de 2025 que marcaba como data límite de adxudicación o 30 de xuño de 2025.

Novena.- Se ben a resolución de 02 de xuño de 2025 do Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática permitiu tramitar a licitación e adxudicar os traballos precisos para realizar a Subactuación 1. Dotación de servidores municipais. antes da data límite fixada no 30 de xuño, esta marxe para poder licitar non era suficiente para abordar a subactuación 2, por ese motivo a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo solicita unha ampliación deste prazo de adxudicación en sesión ordinaria de data 13 de xuño de 2025 recibindo confirmación e resolución favorable do Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática de data 18 de xuño de 2025 que estende este período de adxudicación ata o 15 de setembro de 2025.

Décima.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aproba, en sesión ordinaria do 04 de xullo de 2025, solicitar unha nova prórroga de execución do proxecto, recibindo resolución favorable do Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática de data 24 de setembro de 2025 na que se estende o período de execución ata o 31 de decembro de 2025.

Undécima.- A Deputación de Lugo inicia o último expediente de licitación con título Contratación da implantación de puntos de fichaxe e sistema de control de presenza nos concellos proxecto enmarcado dentro do Programa Impulsatic (Plan de Dixitalización da provincia de Lugo) no marco do “Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia- financiado pola Unión Europea- *Next Generation EU*”- Componente 11 Inversión 3 (expediente 2025/CON_02/000078) para desenvolver a subactuación aprobada na ampliación de alcance Subactuación 2. Implantación dun punto de fichaxe e un sistema de control horario. Dita licitación iniciouse unha vez se

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Página	72/87





tivo a seguridade que se podía adxudicar nos prazos marcados polo Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática (tras a resolución de data de 18 de xuño de 2025), publicándose o anuncio de licitación na Plataforma de Contratos do Sector Público en data 04 de xullo de 2025 e procedendo a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 12 de setembro de 2025, a adxudicar o contrato á empresa cuxa oferta tiña unha maior puntuación. Posteriormente, o 23 de setembro de 2025, unha das empresas que participaron na debandita licitación, presenta un recurso especial en materia de contratación (o recurso número 7/2025) ante o Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Deputación de Lugo, que ten carácter suspensivo polo que non se poden iniciar os traballos do contrato.

Duodécima.- O Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Deputación de Lugo, en data 03 de novembro de 2025, estima favorablemente o recurso presentado polo licitador, declarando nula a adxudicación realizada no procedemento.

Consideracións.

Primeira.- O artigo 11 da Orde TER/836/2022, do 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras e efectúase a convocatoria correspondente a 2022 de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, establece que: “De acordo con o que se establece no artigo 11 da Orde TER/836/2022, cando existan causas excepcionais que impidan a finalización do proxecto no período de execución sinalado, a entidade beneficiaria poderá solicitar unha ampliación do mesmo debidamente xustificada. Dita solicitude deberá realizarse antes do último mes do período de execución”.

Segunda.- O recurso interposto sobre a licitación 2025/CON_02/000078 dos traballos precisos para levar a cabo a Subactuación 2. Implantación dun punto de fichaxe e un sistema de control horario, suspendeu o procedemento e anula a adxudicación aprobada o 12 de setembro de 2025, estimando que a nova adxudicación será a principios do mes de decembro.

Terceira.- Segundo consta no propio expediente de licitación establécese unha duración do traballos de 2 meses, estimase que a formalización do mesmo se realizará a primeira quincena do mes de decembro, polo que se precisarían, para poder executar os traballos con garantías e seguridade, así como para implementar

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Página	73/87



todos os controis precisos para a súa correcta execución nos diferentes concellos adheridos, como mínimo ata finais de marzo de 2026.

Para poder garantir a execución deste contrato e a implantación da subactuación 2. Implantación dun punto de fichaxe e un sistema de control horario en cada un dos concellos que así o solicitaron de forma efectiva, con seguridade e cumprindo todos os prazos e requisitos dos pregos e da propia Orde TER/836/2022, a xuízo de quen subscribe, cómpre acollerse a esa posible ampliación sobre a data límite de execución que actualmente está no 31 de decembro de 2025 e solicitar a mesma no prazo establecido na normativa de aplicación de acordo coas seguintes motivacións:

Prevese que a última licitación derivada da ampliación de alcance do programa ImpulsaTIC aprobada en decembro non esté adxudicada (en riguroso cumprimento dos prazos establecidos pola Lei de Contratos do Sector Público e dando todas as garantías precisas para a correcta execución da tramitación do procedemento de contratación) ata a primeira quincena de decembro, sendo preciso dous meses para a súa execución, segundo estipulan os pregos de prescricións técnicas, e a implantación efectiva en cada un dos concellos adheridos tras a formalización do contrato.

A idiosincrasia particular de cada un dos concellos adheridos que participan nesta actualización, que complica a homoxenización de solucións e require configuracións e implantacións personalizadas adaptadas ás necesidades particulares de cada concello, complica a execución do proxecto e impide que se poida realizar nun tempo menor.

A complexidade na implementación e coordinación da metodoloxía de xestión de Fitos e Obxectivos do PRTR, cos consecuentes atrasos que isto pode carrexar na execución do contrato.

Conclusión.

Polo exposto e conforme o artigo 11 da Orde TER/836/2022, informamos sobre a necesidade de realizar as actuacións administrativas oportunas para elevar á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

Solicitar ante o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática unha extensión da data límite para poder executar os traballos das novas subactuacións aprobadas dentro do expediente 499-632865 ("Ayuntamientos de la provincia de Lugo resilientes y creación de oficinas municipales de prestación de servicios electrónicos a los ciudadanos y Automatización y digitalización de las sesiones plenarias municipales de los ayuntamientos de Lugo") ata o 31 de marzo de 2026 ou ata o máximo permitido co fin de poder executar os traballos da Subactuación 2. Implantación dun punto de fichaxe e un sistema de control horario que se recollen no expediente de licitación 2025/CON_02/000078. Contratación da implantación de puntos de fichaxe e sistema de control de presenza nos concellos proxecto enmarcado dentro do Programa Impulsatic (Plan de Dixitalización da Provincia de Lugo) no marco do "Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia- financiado pola Unión Europea- *Next Generation EU*"- componente 11 inversion 3.

O que se informa para os efectos oportunos á data da sinatura dixital.

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME		Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME		Página	74/87	



Á vista dos informes emitidos polos diferentes Servizos desta Entidade, formúlase á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

Solicitar ante o Ministerio de Política Territorial e Memoria Democrática unha extensión da data límite para poder executar os traballos das novas subactuacións aprobadas dentro do expediente 499-632865 (“Ayuntamientos de la provincia de Lugo resilientes y creación de oficinas municipales de prestación de servicios electrónicos a los ciudadanos y Automatización y digitalización de las sesiones plenarias municipales de los ayuntamientos de Lugo”) ata o 31 de marzo de 2026 ou ata o máximo permitido co fin de poder executar os traballos da Subactuación 2. Implantación dun punto de fichaxe e un sistema de control horario que se recollen no expediente de licitación 2025/CON_02/000078. Contratación da implantación de puntos de fichaxe e sistema de control de presenza nos concellos proxecto enmarcado dentro do Programa Impulsatic (Plan de Dixitalización da provincia de Lugo) no marco do “Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia- financiado pola Unión Europea- *Next Generation EU*”- Componente 11 Inversion 3.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2024.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Vista a documentación obrante no expediente.

Visto o informe emitido polo Servizo de Deportes, do seguinte teor:

En relación á subvención concedida por importe de setecentos cincuenta e seis euros (756,00 €) a Club Hípico La Cruz para CCNP1, CCN90 y 4 CCT 90 (Hípica); mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2024, convocado, mediante

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Página	75/87	

anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 058 do sábado 09 de marzo de 2024, emite o seguinte, informe:

Primeiro.- Que o Club Hípico La Cruz presentou na sede electrónica da Deputación Provincial con data 21/03/2025 11:00:59 e numero de expediente 2025/CCP_01/000662 a conta xustificativa da subvención do procedemento de concorrencia competitiva, anualidade 2024, concedida para CCNP1, CCN90 Y 4 CCT 90 (Hípica), por acordo da Xunta de Goberno de data 28 de xuño de 2024.

Segundo.- Que de acordo co sinalado no punto 11º das Bases reguladoras do concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2024, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial de Lugo do día 01 de marzo de 2024, entre a documentación esixida nas xustificacións de aboamento das subvencións atópanse:

Anexo I: Instancia de conta xustificativa.

Anexo II: Memoria de actuación xustificativa (conta xustificativa) sobre cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención, con indicación da duración da actividade e dos resultados obtidos.

Cadro de importes de financiamento.

Declaración do custo total da actividade subvencionada.

Cadro de orzamento inicial e custo total e declaración relativa á desviación producida.

Anexo III: Declaración responsable relativa a:

Relación detallada das subvencións/ axudas ou patrocinios (con ou sen achega económica) obtidos doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade.

I. Que a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.

II. Que a entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

III. Que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.

IV. Autorización ou non do representante legal da entidade para que a Deputación poida solicitar -fronte aos organismos correspondentes- os certificados de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica, Servizo de Recadación Provincial e a Seguridade Social).

V. Que o beneficiario ao que represento:

Asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)” dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Non asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)” dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Página	76/87





VI. Que a execución da devandita actuación foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que, este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

VII. Que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

VIII. Que se deu cumprimento ao establecido no artigo 31.3 da LXS.

Anexo IV (actividade competitiva/eventos).

Declaración responsable de relación clasificada de gastos e imputación de gastos da actuación subvencionada (custo total da actividade), con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión, data de pagamento, descrición do gasto, así como as contías dos gastos imputados á subvención concedida.

No caso de relacionarse nóminas, deberán vir desglosadas, indicando salario líquido, Seguridade Social e IRPF.

Outra documentación.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (xustificantes de gasto), incorporadas na relación clasificada de gastos e que se afecten á Deputación. Ao respecto:

Deberán achegarse todos os xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida.

Do resto xustificantes de gasto, deberá achegarse unha mostra que supoña a seguinte porcentaxe en función do número dos mesmos:

Cando o número de xustificantes de gasto sexa menor ou igual a 10, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 10 % do importe da subvención concedida.

Cando o número de xustificantes de gasto sexa entre 11 e 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 5 % do importe da subvención concedida.

Cando o número de xustificantes de gasto sexa superior a 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 2 % do importe da subvención concedida.

No suposto de que o importe total dos xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida acade o importe total subvencionado non será necesario aportar ningunha mostra das sinaladas.

No relativo aos gastos de combustible, as facturas de gasto deberán reflectir expresamente a matrícula do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME		Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME		Página	77/87	

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.

A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data _____”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).

A documentación obtida por banca electrónica (descargas de banca en liña) debe estar debidamente acreditada pola entidade bancaria correspondente nos casos en que o órgano xestor así o requira.

Achegar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación (mostraxe), salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen IVE- en servizos e subministracións).

Certificados de estaren ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social. (De non constar autorización á Deputación para solicitalos e para importes superiores a 3.000,00 euros).

O centro xestor deberá achegar xunto coa documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Página	78/87





obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social (cando conste autorización á deputación para solicitalos e para importes de subvencións superiores a 3.000,00 euros). Non obstante, se é o caso, terase en conta o artigo 24.4 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, segundo o cal poderán acollerse á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social aquelas subvencións nas que a súa contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros. Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

Terceiro.- Que revisada a documentación xustificativa, con data 08/04/2025 15:07 e número de rexistro de saída 2025RPS005524, e de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, formulouse requirimento de emenda de conta xustificativa, para que a entidade beneficiaria no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte a recepción do referido requirimento, emendase e/ou presentase a seguinte documentación:

Anexo IV. Relación clasificada e imputación de gastos.

No punto 1 non se indica a denominación do evento (CCNP1, CCN90 y 4 CCT 90 (Hípica))

Na columna de identificación debe indicar o tipo de documento (factura)

Nas columnas de imputación (porcentaxe e importe) soamente deberá indicar facturas polo importe da subvención concedida.

Non se indica o sumatorio das bases (760,33 €)

Non se indica o custo total (920 €)

Anexo I. Instancia.

A denominación do evento é incorrecta (CCNP1, CCN90 y 4 CCT 90 (Hípica))

A cantidade solicitada é incorrecta (1.999,00 €)

Anexo II. Memoria xustificativa.

A denominación do evento é incorrecta (CCNP1, CCN90 y 4 CCT 90 (Hípica))

Características: debe indicar en que consistiu o evento

Debe indicar a data do evento

Cadro de financiamento:

Non se indica a subvención concedida (756 €)

Non se indican os fondos propios (164 €)

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Página	79/87	

Non se indica o custo total (920 €)

Punto III:

Non se indica o orzamento (2104 €)

Non se indica o custo total (920 €)

Non se indica a desviación (1184 €)

Non se indica a causa da desviación.

Anexo III. Declaración responsable.

A denominación da actividade é incorrecta (CCNP1, CCN90 y 4 CCT 90 (Hípica))

Non se indica si ten outras achegas económicas.

Consultada a Base de Datos Nacional de Subvencions (BDNS) constatase que reflicte unha subvención concedida pola Xunta de Galicia por importe de 500 € e que á vista do indicado podería ser susceptible de estar destinada á mesma actividade para a que se concedeu a subvención obxecto de xustificación. En consecuencia, solicítase aclaración ao respecto, e no seu caso, a modificación e emenda dos anexos que procedan.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

A factura 00232 de Mecanox Raton SLU de 920 € non indica o numero de trofeos nin o prezo unitario.

Cuarto.- Visto que consta recepción electrónica do requirimento da conta xustificativa asinada por parte do beneficiario de data 08/04/2025 15:34:06.

Quinto.- Que con data 11/09/2025 12:41:38 e número de expediente 2025/PES_03/016866, e por tanto fóra do prazo de 10 días previsto no referido requirimento, a entidade Club Hípico La Cruz presentou a través da sede electrónica da Deputación de Lugo, á conta xustificativa obxecto do expediente. E considerando que a referida documentación se achega por iniciativa do beneficiario e antes en todo caso de que se procedese a tramitar e notificar a resolución na que se tivesen por transcorrido os prazos que puidesen corresponder, en aplicación do art. 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e que por tanto tal documentación ha de terse en conta para a continuación do trámite.

Sexto.- Que revisada a documentación presentada pola entidade Club Hípico La Cruz detectase en relación co requirimento formulado, que non consta factura rectificativa da factura 000232 de data 31/12/2024 por importe de 920,00 € de Mecanox Raton SLU.

Así mesmo, non consta documento bancario, no que se indique o numero de conta na que se procederá o correspondente ingreso da subvención.

Así mesmo, á vista da documentación emendada e do orzamento formulado coa solicitude, constátase unha desviación entre o orzamento inicial e o custo declarado da actividade por un importe de 1184,00 €, é dicir, dun 56,27 % do orzamento inicialmente presentado.

Así mesmo, constatase que na relación de gastos presentada só constan gastos relativos a “soporte tubular de señalización de evento” e “trofeos en chapa”. Ha de

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Página	80/87





terse en conta que non se relacionan “gastos de persoal preciso para a realización e desenvolvemento do evento” e “gastos federativos”, ambos os dous gastos subvencionables previstos no orzamento da solicitude, e que de acordo á documentación presentada non se terían realizado, circunstancia da que non consta aclaración, tendo en conta que os gastos federativos haberán de entenderse necesarios para a celebración do evento deportivo.

Non consta documentación que acredite que:

1.- Que de acordo á solicitude formulada (Anexo I), a beneficiaria da subvención cumpriu coa obriga de incluír a imaxe corporativa da Área de Deportes da Excm. Deputación Provincial e que fixo constar que a actividade foi subvencionada pola Área de Deportes da Deputación Provincial de Lugo en todas as actuacións e nos soportes que se utilizasen na execución da actividade subvencionada.

2.- Que cumpriu coa obriga de utilizar o idioma galego en todos aqueles soportes que ao uso as entidades utilicen para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado. E así mesmo, e de ser o caso, de utilizar o idioma galego a nivel verbal en todos aqueles actos do plan de comunicación da actividade ou comportamento.

Sétimo.- Que no anteriormente referido requirimento, advertíase que de conformidade co establecido no artigo 34.3 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións, no suposto de falta de xustificación producírase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención.

Oitavo.- Que en consecuencia e de acordo co previsto na base 12. Prazos de xustificación das bases da convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2024, na que se prevé que a falta de presentación da xustificación poderá implicar a perda do dereito ao cobro da subvención previo tramite do correspondente expediente.

Noveno.- Que por acordo da Xunta de Goberno de data 19 de setembro de 2025 se acorda o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito e a apertura do respectivo trámite de audiencia, para que no prazo de dez (10) días poida examinar e coñecer a totalidade do expediente e presentar as alegacións que considere oportunas.

Décimo.- Que con data 23/09/2025 14:18 e numero de rexistro de saída 2025RPS013079 e de acordo co previsto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Página	81/87



outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, notificouse o referido acordo de Xunta de Goberno de 19 de setembro de 2025 de apertura do trámite de audiencia, para que no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte a recepción presentase as alegacións que considere oportunas.

Que en aplicación do artigo artigo 41.1, da Lei 39/2015, que prevé que as notificacións se practicarán preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o interesado resulte obrigado a recibilas por esta vía, consta no expediente electrónico o envío de notificación do trámite de audiencia de data 23/09/2025 14:18, rexeitada automaticamente con data 04/10/2025 00:10:18.

Décimo primeiro.- Que con data 14/10/2025 14:40:16 o Club Hípico La Cruz presenta un escrito no que indica que: No he podido acceder a la notificación que me han mandado ya que tenía caducado el certificado digital del Club. Por lo que solicito que me la vuelvan a mandar.

Décimo segundo.- Que con data 15/10/2025 20:02 e número de rexistro de saída 2025RPS013966 e de acordo co previsto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, notificouse o referido acordo de Xunta de Goberno de data 18 de xullo de 2025, de apertura do trámite de audiencia, para que no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte a recepción presentase as alegacións que considere oportunas, e do que consta recepción electrónica asinada por parte do beneficiario de data 16/10/2025 11:36:50.

Decimo terceiro.- Que transcorrido o prazo determinado para o trámite de audiencia, non consta no servizo de Deportes a presentación de documentación e/ou alegacións polo beneficiario Club Hípico La Cruz.

Por todo o exposto, e a xuízo do informante, cumpridos os trámites previstos e o trámite de audiencia ao interesado, procede tramitar a declaración de perda do dereito ao cobro total da subvención concedida a Club Hípico La Cruz por importe de setecentos cincuenta e seis euros (756,00 €) para CCNP1, CCN90 y 4 CCT 90 (Hípica), mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024, polo que se resolve o concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2024, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 058 do sábado 09 de marzo de 2024.

O Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

Declarar a perda do dereito ao cobramento total da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de xuño de 2024, polo cal se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2024, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 058 do

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Página	82/87





sábado 09 de marzo de 2024.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NA CONVOCATORIA PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN TRES (3) PRAZAS DA COTA XERAL E UNHA (1) PRAZA DA COTA DE RESERVA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE, DENOMINADAS PORTEIRO/A, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023- APARTADO IA) TAXA ORDINARIA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS, IA)1 RÉXIME XURÍDICO ADMINISTRATIVO, IA) 1.1 COTA XERAL E IA) 1.2 RESERVA PERSOAS CON DISCAPACIDADE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Por acordo da Xunta de Goberno de data 31.10.2025, apróbanse a convocatoria e as bases específicas que regulan, xunto coas bases xerais, o proceso selectivo que se convoca para o ingreso como persoal funcionario de carreira na Deputación Provincial de Lugo en tres (3) prazas da cota xeral e unha (1) praza da cota de reserva a persoas con discapacidade, denominadas Porteiro/a, incluídas na oferta de emprego público do ano 2023 - apartado IA) taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)1 réxime xurídico administrativo, IA) 1.1 cota xeral e IA) 1.2 reserva persoas con discapacidade, polo sistema de concurso-oposición, acceso libre.

Producíndose erro material no punto 1º do epígrafe 5. Proposta de acordo, e considerando o establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas que textualmente di: “As Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”, proponse á Xunta de Goberno que proceda a súa corrección do seguinte xeito:

1º. Onde textualmente di:
“(...)

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Página	83/87	

5.- Proposta de acordo.

(...), propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º. Aprobación das bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de oposición libre, para o ingreso como persoal funcionario, na Deputación Provincial de Lugo, en tres (3) prazas da cota xeral e unha (1) praza da cota de reserva a persoas con discapacidade, denominadas Porteiro/a da escala de administración xeral, subescala subalterno, grupo - subgrupo AP que a continuación se sinalan, vacantes, dotadas orzamentariamente e incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2023, aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixiada por resolución da presidencia do 15 de xaneiro de 2024 (BOP núm. 015 do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165 do 17.07.2024), que figuran no apartado 1 IA taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)1 réxime xurídico administrativo, IA) 1.1 cota xeral e IA) 1.2 cota reserva persoas con discapacidade:

(...)"

2º. Debe dicir:

"(...)

5.- Proposta de acordo.

(...), propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º. Aprobación das bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso- oposición libre, para o ingreso como persoal funcionario, na Deputación Provincial de Lugo, en tres (3) prazas da cota xeral e unha (1) praza da cota de reserva a persoas con discapacidade, denominadas Porteiro/a da escala de administración xeral, subescala subalterno, grupo AP que a continuación se sinalan, vacantes, dotadas orzamentariamente e incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2023, aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixiada por resolución da presidencia do 15 de xaneiro de 2024 (BOP núm. 015 do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165 do 17.07.2024), que figuran no apartado 1 IA taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)1 réxime xurídico administrativo, IA) 1.1 cota xeral e IA) 1.2 cota reserva persoas con discapacidade:

(...)"

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- CONTA E CUMPRIMENTO DA RESOLUCIÓN DO TARCLU DO RECURSO Nº 7/2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto que o día 03.11.2025 consta a comunicación da Resolución do recurso especial en materia de contratación 7/2025, interposto o día 23 de setembro de 2025 pola

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME	Página	84/87	



empresa Herbecon Systems, S.L., contra o acordo adoptado en data doce de setembro de dos mil veinticinco de adjudicar á empresa: “Orange Spagne, S.A.U.”, o contrato para a Implantación de Puntos de Rexistro e Sistema de Control de Presencia nos Municipios (Expediente: 2025/CON-02/000078), na que se estima o recurso interposto pola mercantil e, en consecuencia, procede á anulación da adjudicación a favor da empresa: “Orange Spagne, S.A.U.” por non acreditar o cumprimento do alcance do sistema de control horario/presencia obxecto do contrato (requisito específico do apartado 4.1. do PPT)e polo tanto incumplir o contrato. En relación ás costas a imputar á Deputación, o Tribunal declara que non cabe realizar pronunciamiento sobre este aspecto.

Á vista do exposto, propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Dar conta da Resolución do TARCLU relativa ó recurso especial en materia de contratación número 7/2025, interposto o día 23 de setembro de 2025 pola empresa Herbecon Systems, S.L., contra o acordo adoptado en data doce de setembro de dos mil veinticinco de adjudicar á empresa: “Orange Spagne, S.A.U.”, o contrato para a Implantación de Puntos de Rexistro e Sistema de Control de Presencia nos Municipios (Expediente: 2025/CON-02/000078), na que se estima o recurso interposto pola mercantil e, en consecuencia, procede á anulación da adjudicación a favor da empresa: “Orange Spagne, S.A.U.”, por non acreditar o cumprimento do alcance do sistema de control horario/presencia obxecto do contrato (requisito específico do apartado 4.1. do PPT)e polo tanto incumplir o contrato. En relación ás costas a imputar á Deputación, o Tribunal declara que non cabe realizar pronunciamiento sobre este aspecto.

2º.- Dar cumprimento íntegro da Resolución nos termos recollidos no punto primeiro da proposta.

3º.- Consecuencia de dar cumprimento da Resolución do TARCLU, propoñer a exclusión da empresa “Orange Spagne, S.A.U. por non acreditar o cumprimento do alcance do sistema de control horario/presencia obxecto do contrato (requisito específico do apartado 4.1. do PPT)e polo tanto incumplir o contrato.

4º.- Notificar aos interesados no procedemento.”

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME		Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME		Página	85/87	

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- CONTA E CUMPRIMENTO DA SENTENZA Nº 249/2025.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Visto que no Procedemento Abreviado 71/2025-L seguido a instancia de ALLIANZ fronte a Deputación en materia de responsabilidade patrimonial, o Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo ditou a Sentenza nº249/2025, de 10 de outubro, cuxo fallo é o seguinte:

“Que debo estimar y estimo el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de ALLIANZ Compañía de Seguros y Reaseguros S.A. frente a la Excm. Diputación Provincial de Lugo seguido ante este Juzgado como Proceso Abreviado número 71/2025, contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento de esta Sentencia, que la declaro contraria a Derecho, por lo que la anulo; y consecuencia debo condenar y condeno a la Administración demandada a indemnizar a la actora en la suma de 1599, 43 €. El importe de la indemnización habrá de ser incrementado en los intereses legales devengados desde el 22 de mayo de 2024 y hasta su completo pago.

Solidariamente, responderá del pago la aseguradora MAPFRE España Compañía de Seguros y Reaseguros S.A. descontando la franquicia de 300 euros pactada en la póliza. Con expresa imposición de costas a la Administración demandada, hasta la cifra máxima de ciento cincuenta euros (más impuestos) en concepto de honorarios de Letrado de la parte actora.

Notifíquese esta Sentencia a las partes haciéndoles saber que contra la misma no cabe interponer Recurso ordinario alguno.”

Vista, asemade, a Dilixencia de Ordenación de data 29 de outubro de 2025 na que se acorda a firmeza da dita Sentenza e, tendo en conta, que as Sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento por imperativo legal (artigo 118 da Constitución Española, artigo 17 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigos 103 a 113 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa).

Considerando, por tanto, a necesidade de dar cumprimento á devandita Sentenza, e unha vez realizada a tramitación legalmente establecida - e tendo en conta, asemade, a comunicación de existencia de crédito suficiente para o aboamento da cantidade de 300 euros en concepto de franquía, comunicada polo Servizo de Intervención- á Xunta de Goberno propónse:

1º.- Darse por enterada da devandita Sentenza nº249/2025, de 10 de outubro, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo.

	IV7QQPX4DVG3LTEMTU7GFZJ7ME	Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMTU7GFZJ7ME	Página	86/87	



2º.- Levar a debido efecto e practicar o que esixa o cumprimento da devandita Sentenza.

3º.- O importe a abonar en concepto de franquía é de 300 euros; ingreso que se realizará na conta de depósitos e consignacións do Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

14.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO

	IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME		Fecha y Hora	11/11/2025 12:39:22	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7QQPX4DVG3LTEMU7GFZJ7ME		Página	87/87	